

Que sexa agradecido, Señor!

Querido Xesús:

Quero ir pola vida dando grazas a tantas persoas que me axudan, me corríxen e loitan por min.

Grazas a ti tamén

por regalarme a vida, a familia, a saúde, o tesouro da fe e todas as cousas que teño.

Ti bendicíchesme cos teus dons

e séguelo facendo cada día: xenerosamente, con amor, porque ti es así.

Fai da miña vida un canto de acción de grazas, que o meu gozo sexa loarte e cantar os teus dons.

Que sexa capaz de acoller con agarimo

as miñas limitacións e a miña propia vida tal como é, e as vidas dos meus irmáns tal como ti queres que sexan.

Que sexa agradecido, Señor, contigo e cos meus irmáns aos que tanto debo.



“En débeda”.

Todas as persoas estamos eternamente "en débeda" con coñecidos e descoñecidos.

Moitas veces non nos damos conta, pero cada día, antes de terminar o almorzo, xa dependemos de media humanidade.

Ao erguernos pola mañá e entrar no cuarto de baño, facemos uso dunha esponxa que nos proporciona o home das Illas do Pacífico. O xabón faino un francés. A toalla confecciónaa un portugués. Xa na mesa tomamos café ou cacao que nos vén de Sudamérica, o té cultivado por un africano occidental.

A nosa nai preparou a roupa limpa, a veciña limpou a escaleira, o varredor arraxou pola noite as rúas, e o panadeiro, pasando calor ante o seu forno, proporcionanolo o pan. A lista sería interminable.

Antes de entrar no colexio, temos contraído obrigacións con media humanidade. É necesario agradecer o traballo e o esforzo de toda a humanidade, sendo conscientes a humanidade, sendo conscientes da cadea á que todos pertencemos.

Evanxeo

9-outubro-2016

28º-Ordin-E

ORDINARIO-28

"Só un volveu dando grazas"



Aprende a SER AGRADECIDO.

Dille a Xesús: "GRAZAS".

2º LIBRO DOS REIS 5, 14-17: *Volveu Naamán ao home de Deus e louou o Señor*

Naqueles días, o sirio Naamán baixou e bañouse no Xordán sete veces, conforme á palabra de Eliseo, o home de Deus, e a súa carne volveu ser como a dun neno pequeno: quedou limpo da súa lepra.

Naamán e toda a súa comitiva regresaron ao lugar onde se encontraba o home de Deus. Ao chegar, detívose ante el exclamando: «**Agora coñezo que non hai en toda a terra outro Deus que o de Israel. Recibe, pois, un presente do teu servo**». Pero Eliseo respondeulle: «**Vive o Señor ante quen sirvo, que non hei de aceptar nada**». E insistiulle en que aceptase, pero Eliseo refugou. Naamán díxolle entón: «**Que polo menos le dean ao teu servo terra do país, a carga dun par de mulos, porque o teu servidor non ofrecerá xa holocausto nin sacrificio a outros deuses máis que ao Señor**». *Palabra do Señor.*

Sal 97: R/. O Señor revela ás nacións a súa salvación.

II TIMOTEO 2, 8-13: *Se perseveramos, tamén reinaremos con Cristo.*

LUCAS 17, 11-19: *Non volveu máis ca este estranxeiro para dar gloria a Deus?*

Narrador: Unha vez, indo Xesús camiño de Xerusalén, pasaba entre Samaría e Galilea. Cando ía entrar nunha cidade, viñeron ao seu encontro dez homes leprosos, que se pararon ao lonxe e a gritos dicíanlle:

Leprosos: -«*Xesús, mestre, ten compaixón de nós*».

Narrador: Ao velos, díxolles:

Xesús: -«*Ide presentarvos aos sacerdotes*».

Narrador: E aconteceu que, mentres ían de camiño, quedaron limpos. Un deles, **vendo que estaba curado, volveu loando a Deus** a grandes gritos e prostrouse aos pés de Xesús, rostro en terra, **dándolle grazas**. Este era un samaritano. Xesús, tomou a palabra e dixo:

Xesús: -«*Non quedaron limpos os dez?; os outros nove, onde están? Non houbo quen volveuse dar gloria a Deus máis ca este estranxeiro?*».

Narrador: E díxolle:

Xesús: -«*Érguete, vaite; salvoute a túa fe*».

Palabra do Señor.

(Narrador - Leprosos - Xesús).



Aún en las
PEQUEÑAS COSAS
puedo ver tu obra creadora.
¡GRACIAS DIOS MÍO
por todo lo que me das!



Aprende a **SER AGRADECIDO**.

Dille a Xesús: "**GRAZAS**".

1. VER: Nenos agradecidos ...

-Hai nenos e maiores que sempre teñen na súa boca as palabras "perdón" e "grazas". Outros, non valoran o que lles dan gratis, nin dan as grazas.

Quen fai algo por ti? Es agradecido?

2. XULGAR: Só un de dez.

+ No evanxeo deste domingo, 10 leprosos "**veñen ao encontro de Xesús**" e suplicanlle "**ten compaixón de nós**". Xesús quíxase de que, xa curados, **só un dos dez** (e precisamente o que era estranxeiro) volve a darlle as grazas. Pregúntase Xesús: "**e os outros nove onde están?**". "**Vaite, salvoute a túa fe**", dille.

+ **QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?**

- Que como os 10 leprosos hai que ser **buscadores de Xesús**, querer ter fe. Haberá que buscar, suplicar, ter interese ... Á catequese imos a buscar a Xesús para coñécelo mellor, tratalo, vivir coma El. Por iso, os pais que levan a seus fillos á catequese e os acompañan á eucaristía cada domingo, tamén "**van ao encontro**" de Xesús, buscan a fe ...

- **Hai que ser agradecidos con Xesús**. Fixádevos na proporción: **só un** volve dar grazas ... Xesús abrázanos continuamente, cúranos, intégranos novamente na comunidade, regálanos a súa amizade, dános a fe, a familia da Igrexa. Que pouco agradecidos somos. El quere que a nosa **vida sexa un dar grazas ao Pai constantemente**, que sexamos un regalo para os demais e que sexamos agradecidos con todos.

Que nos está pedindo Xesús?

3. ACTUAR: Sede máis agradecidos

- Acostumádevos a **dar as grazas** por todo e a todos: canto cambiaría o mundo se fósemos agradecidos.

- Practicamos a **oración de loanza**. Una vez ao día poñémonos aos pés de Xesús dándolle grazas por todo o que fai por nós.

- Hoxe na **eucaristía prestamos máis atención á Pregaria Eucarística**, todo un canto de agradecemento: "**en verdade é xusto darche grazas ...**", "**deuche grazas**". Rezámola con actitude de admiración, con ollos de fe e corazón de neno, con gratitude.

En que ides mellorar despois de ler este evanxeo?